

Comeza a fase de Desenvolvemento do proxecto Innova MicroLab

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2023.- O Servizo Galego de Saúde lidera o proxecto Innova MiroLab para o desenvolvemento de dúas plataformas automatizadas e integrais de diagnóstico rápido avanzado de enfermidades infecciosas e cultivo, incubación e análise do microbioma humano a través dun proceso de Compra Pública Innovadora, na modalidade de Compra Pública Precomercial (CPP). O proxecto está financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Programa operativo Plurirregional de España (POPE) 2014-2020 no marco dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Ministerio de Ciencia e Innovación.

Esta Compra Pública Precomercial estrutúrase en 3 lotes e en dúas fases de desenvolvemento para cada un dos lotes: a primeira fase ten como obxectivo o deseño funcional da solución, e a segunda o desenvolvemento do prototipo e a demostración da súa viabilidade.

- Lote 1: Servizos I+D deseño e desenvolvo de plataformas automatizadas e integrais de diagnóstico rápido avanzado de amplo espectro baseado en técnicas de obtención de información xenética.
- Lote 2: Servizos I+D deseño e desenvolvo de plataformas automatizadas de sementa, incubación e dixitalización de soportes microbiolóxicos.
- Lote 3: Servizos I+D deseño e desenvolvo de plataformas automatizadas e integrais de análise xenética do microbioma humano mediante técnicas de obtención de información xenómica.

O proxecto iniciou a súa execución en decembro de 2022 coas empresas que resultaron adxudicatarias de cada un dos lotes, concretamente Health In Code e Werfen para o lote 1, Becton Dickinson para o lote 2 e novamente Werfen para o lote 3.

Na primeira fase, estas empresas desenvolveron o deseño funcional da solución, e mostraron, nos seus informes de resultados, a usabilidade e factibilidade destas, o seu entendemento do contexto e os correspondentes plans de validación.

A avaliación dos resultados foi levada a cabo pola Comisión de Seguimento e Avaliación, que tivo en conta para iso os medios e recursos dedicados na execución, a súa xestión e posibles limitacións da solución proposta. As empresas que superaron esta fase son Werfen para os lotes 1 e 3, e Becton Dickinson para o lote 2.

Contidos relacionados

En que consiste o proxecto Innova MicroLab?